

ADDENDA ÁS
PROGRAMACIÓNS
DIDÁCTICAS AOS CAMBIOS
NORMATIVOS NA
AVALIACIÓN E
PROMOCIÓN NA
EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP PLURILINGÜE



RIBEIRA

CURSO 21-22

ÍNDICE

1. BASE LEGAL	2
2. ASPECTOS XERAIS DA AVALIACIÓN.....	2
2.1 CARÁCTER DA AVALIACIÓN	3
2.2 ATENCIÓN ÁS DIFERENZAS INDIVIDUAIS NA AVALIACIÓN	4
3. AVALIACIÓN DE APRENDIZAXE	
3.1 REFERENTES XERAIS.....	4
3.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN	4
3.3 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	5
3.4 AVALIACIÓN DE ALUMNADO CON ADAPTACIÓN CURRICULAR	5
3.5 AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	5
4. PROMOCIÓN	
4.1 PROMOCIÓN DE NIVEL E/OU ETAPA	6
4.2 CRITERIOS DE PROMOCIÓN	6
4.3 ALUMNADO QUE NON ACADÉ A PROMOCIÓN	7
4.4 PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO.....	8
4.4 CONTINUIDADE DO PROCESO DE FORMACIÓN	8
4.5 DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	8
ANEXO:.....	10

1. BASE LEGAL

- **Orde do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa da avaliación nas ensinanzas de Educación Primaria, ESO e BACH no sistema educativo de Galicia.
- **Decreto 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da EP na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde de 2 de marzo de 2021** pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e establécese o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- **Orde de 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CAG.
- **Lei Orgánica 3/2020**, do 29 de decembro, pola que se modifica a **Lei Orgánica 3/2006**, do 3 de maio, de educación (LOMLOE).

2. ASPECTOS XERAIS DA AVALIACIÓN

2.1 CARÁCTER DA AVALIACIÓN

Facendo referencia ao artigo 3 da Orde do 25 de xaneiro de 2022, a avaliación ten como finalidade a valoración de os procesos e dos resultados do aprendizaxe do alumnado, e do exercicio da práctica docente; tendo en conta os indicadores de logro establecidos nas programacións docentes, avaliadas e aprobadas en setembro de 2021.

Con fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e que a súa dedicación, esforzo e rendemento, sexan valorados e recoñecidos con

obxectividade, segundo o que está disposto na Orde 2 de marzo de 2021 polo que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e establécese o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción.

2.2 ATENCIÓN ÁS DIFERENZAS INDIVIDUAIS NA AVALIACIÓN

Facendo referencia ao artigo 4 da Orde do 25 de xaneiro de 2022, aplicaranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización asociados á avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidades específica de apoio educativo (ANEAE). Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.

Empelaranse instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, co fin de permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado tal e como aparecen mencionados nas programacións presentadas en setembro de 2021.

3. AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE DO ALUMNADO

3.1 REFERENTES XERAIS

A avaliación levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, recollidos nas programacións do CEIP Plurilingüe da Ribeira.

3.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación que se terán en conta na avaliación da aprendizaxe do alumnado son os establecidos no apartado de *Avaliación* das diferentes

programacións didácticas correspondentes a cada unha das áreas aprobadas en setembro 2021.

3.3 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación empregados para a avaliación do alumnado son os que aparecen especificados nas programacións das distintas áreas presentadas neste curso 2021 no epígrafe *Vinculación entre estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un,, instrumentos de avaliación e criterios de avaliación*".

3.4 AVALIACIÓN DE ALUMNADO CON ADAPTACIÓN CURRICULAR

Segundo o artigo 55 da Orde 9 de setembro de 2021, os referentes de avaliación no caso de alumnado con adaptación curricular, son os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poda impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

3.5 AVALIACIÓN DE ALUMNADO CON ADAPTACIÓN CURRICULAR

Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia, segundo establece o Decreto 105/2014, do 4 de setembro.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado. Ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotas de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

4. PROMOCIÓN

4.1 PROMOCIÓN DE NIVEL E/OU ETAPA

Ao finalizar os cursos de segundo, cuarto e sexto da etapa de EP, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando en especialmente en consideración a información e o criterio de profesorado titor.

A PROMOCIÓN NOS CURSOS PRIMEIRO, TERCEIRO E QUINTO SERÁ AUTOMÁTICA.

4.2 CRITERIOS DE PROMOCIÓN

A promoción nos cursos 1º, 3º e 5º de EP é automática.

Nos cursos de 2º, 4º e 6º de EP e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado e tendo en conta os criterios de promoción e tomando especial consideración a información e o criterio do profesor/a titor/a.

Criterios de promoción establecidos polo claustro do CEIP Plurilingüe da Ribeira:

➤ **Promocionan:**

- O alumnado que obteña cualificación positiva en todas as áreas e acade o nivel de adquisición esperado en todas as competencias clave.
- O alumnado que obteña cualificación positiva en todas as áreas e non acade o nivel de adquisición esperado nunha competencia clave instrumental.

- O alumnado que non superen un área pero acade o nivel de adquisición esperado en todas as competencias clave.
- O alumnado que teña dúas áreas avaliadas negativamente, podendo ser só unha delas unha competencia instrumental agás as Linguas estranxeiras.
- O alumnado que teña tres áreas avaliadas negativamente, sen ser ningunha delas competencias instrumentais.

➤ **Non promocionan:**

- O alumnado que teña cualificación negativa en tres áreas ou máis e non acade o nivel esperado nas competencias clave.
- O alumnado que teña cualificación negativa en dúas áreas coincidindo unha competencia lingüística (agás as Linguas estranxeiras) e unha matemática.
- O alumnado que non acade o grado de adquisición esperado en máis de tres competencias, sexan cales sexan.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha competencia instrumental con avaliación negativa, recibirá os **apoios** necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara durante o curso anterior.

A decisión do equipo docente na decisión daqueles casos que non estean contemplados anteriormente, será de xeito colexiado e tendo en conta, en especial consideración, o criterio do titor/a

4.3 ALUMNADO QUE NON ACADE A PROMOCIÓN

O alumnado que non acade a promoción, permanecerá un ano máis no curso. Esta medida será considerada de **carácter excepcional** e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou ás dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia nun ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.

Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, pais ou os titores e titoras legais e terá carácter excepcional.

4.4 PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO

Cando un alumno ou alumna permaneza un ano máis no mesmo curso/nivel, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo tendo en conta para a súa elaboración o artigo 5 da Orde 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula atención á diversidade na CAG.

O plan específico de reforzo do CEIP Plurilingüe da Ribeira está recollido no **Anexo** único desta Addenda.

4.4 CONTINUIDADE DO PROCESO DE FORMACIÓN

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumno ou alumna disporá ao finalizar os cursos de segundo e cuarto de EP un informe sobre o grado das competencias de cada alumno ou alumna, indicando, no seu caso, as medidas de reforzo que se deben contemplar en el ciclo seguinte.

O alumnado disporá, ao finalizar da etapa dun informe elaborado polo titor ou titora sobre a súa evolución e o grado das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais (ANEE), o informe deberá reflexar as adaptacións e medidas adoptadas e a necesidade de continuación na seguinte etapa.

4.5 DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os documentos oficiais de avaliación así como o procedemento de expresión dos resultados de avaliación, axústanse ao previsto no artigo 14 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de EP na CAG:

- **Acta de avaliación** de cada curso de EP que pecharase ao termo do período lectivo ordinario.
- No **historial académico** consignaranse os resultados da avaliación que terá lugar ao finalizar o curso, sen distinción de convocatorias.
- As seguintes medidas curriculares e organizativas aplicadas reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación alumnado, respectivamente, coas seguintes iniciais:

RE-Reforzo educativo

ACS-Adaptación curricular

EC-Enriquecemento curricular

AF-Agrupamento flexible.

Dilixencia para facer constar que esta addenda ás programación didácticas (Adaptación aos cambios normativos na avaliación e promoción na EP) foi presentada nunha sesión de Claustro extraordinario, analizada e aprobada por este, o día 5 de abril de 2022, sendo engadida ás programacións didácticas de cada área e nivel/curso.

Segundo o disposto na disposición transitoria cuarta, punto 2, Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de EP, ESO e bacharelato no sistema educativo de Galicia, o alumnado foi informado das modificacións realizadas a través do equipo docente de cada curso e as familias respectivas informadas mediante as canles habituais de comunicación con estas (espazo Abalar, páxina web e nos casos que fose preciso, mediante circular).

O Porriño, 5 de abril de 2022

A directora:

Teresa Castro Ruíz



ANEXO: Plan específico de reforzo do CEIP Plurilingüe da Ribeira.

1. Identificación da alumna/o.

Nome:

Apelidos:

Curso:

2. Necesidades educativas que motivaron a repetición de curso.

Necesidades educativas da alumna/o

3. Medidas aplicadas no curso anterior.

Medidas aplicadas anteriormente.

4. Estratexias metodolóxicas.

Estratexias metodolóxicas levadas a cabo.

5. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.

Recursos necesarios

6. Oferta de medidas extraordinarias.

Medidas extraordinarias

7. Acreditación da información á familia.